



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

María se vas
ó río lavar,
non rompa-la roupa
que vas a rachar.

O páxaro cando chove
met' o rabo na cerdeira
así fai a boa moza
cando non ten quen a queira.

Alá arriba non sei donde
hai unha burra morrida,
nade sabe de qué foi
que tiene la boca abrida.

Túa nai ó outro día
pola feira de Baíñas
levaba unha eghua rusa
iba roghando cas fillas.

É ben certo o que ti dis
non fui mentira nin conto,
que me dixo o teu fillo
ghárdam' unha pró meu tonto.